

I. DISPOSICIÓN XERAIS

BANCO DE ESPAÑA

4124 *Circular 2/2011, do 4 de marzo, a entidades de crédito, sobre coeficiente de financiamento grosista.*

Circular 2/2011, do 4 de marzo, a entidades de crédito, sobre coeficiente de financiamento grosista

O Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro, entre outras medidas encamiñadas a tal fin, establece que os grupos consolidables de entidades de crédito, así como as entidades de crédito non integradas nun grupo consolidable de entidades de crédito, que poden captar fondos reembolsables do público, deberán contar cun capital principal de, polo menos, o 8 % das súas exposicións totais ponderadas por risco e calculadas de conformidade co previsto na Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, e na súa normativa de desenvolvemento. Esta porcentaxe será do 10 % se os grupos e as entidades individuais antes mencionadas reúnen determinadas condicións, entre as cales se encontra contar cun coeficiente de financiamento grosista superior ao 20 % conforme a definición establecida polo Banco de España, ao cal a disposición derradeira terceira do citado real decreto lei confire a necesaria habilitación para o seu desenvolvemento.

Esta circular define qué se considera financiamento grosista, entendendo por tal os depósitos de bancos centrais e de entidades de crédito, as emisións de valores colocadas a investidores grosistas ou institucionais e os depósitos recibidos de profesionais do mundo financeiro ou de grandes empresas, sempre que non se trate de saldos operativos. Así mesmo, tómanse en consideración os activos líquidos dispoñibles, entendendo por tales os saldos en efectivo e bancos centrais, os depósitos interbancarios e os valores representativos de débeda e instrumentos de capital facilmente convertibles en liquidez. Por último, o financiamento grosista neto deses activos líquidos ponse en relación co crédito á clientela, para o cal se considera todo o crédito, excepto o interbancario, minorado polas adquisicións temporais de activos e pola parte que fose obxecto de titulación e non fose retida pola propia entidade ou grupo. Todo iso coas precisións técnicas que se desenvolven na circular.

En consecuencia, en uso das facultades que ten concedidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva, e de acordo co Consello de Estado, aprobou esta circular, que contén as seguintes normas:

Norma primeira. *Coeficiente de financiamento grosista.*

1. Para os efectos do disposto no artigo 1 do Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro, entenderase por coeficiente de financiamento grosista a relación entre o financiamento grosista neto de activos líquidos dispoñibles e o crédito á clientela, segundo as definicións contidas nos seguintes puntos desta norma, todo iso referido ao ámbito de aplicación dos estados reservados individuais ou consolidados, segundo corresponda. As referencias que nesta norma se fan á "entidade" entenderanse feitas á entidade individual ou ao grupo consolidable, segundo proceda.

2. Considerarase financiamento grosista a suma dos seguintes conceptos:

a) Depósitos de bancos centrais, onde se incluírá o importe do financiamento outorgado polos bancos centrais do Sistema Europeo de Bancos Centrais ou outros bancos centrais nacionais, con independencia da súa instrumentación.

b) Depósitos de entidades de crédito, onde se incluírá o importe de todos os depósitos, xa sexan á vista ou a prazo, tomados doutras entidades de crédito, con excepción de:

i) Fondos obtidos para créditos de mediación, calquera que sexa a súa instrumentación;

ii) Cesións temporais de activos que sexan valores representativos de débeda ou instrumentos de capital computables como activos líquidos para os efectos desta norma;

iii) Depósitos recibidos en garantía de operacións con derivados, e

iv) Depósitos de entidades do grupo económico da "entidade" non consolidables en España.

c) Depósitos grosistas non operativos, distintos das cesións temporais de activos que sexan valores representativos de débeda ou instrumentos de capital computables como activos líquidos para os efectos desta norma, dos fondos obtidos para créditos de mediación, calquera que sexa a súa instrumentación, e dos pasivos asociados a activos titulizados cuxo vehículo de titulación non fose consolidado, formalizados na entidade polos seguintes tipos de clientes:

i) Administracións públicas cualificadas como tales na norma sexaxésimo sexta da Circular do Banco de España 4/2004, do 22 de decembro, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros (no sucesivo, CBE 4/2004).

ii) Grandes empresas, entendéndose por tales as sociedades non financeiras a que se refire a norma sexaxésimo sexta da CBE 4/2004 que non cumpran a definición de pequena e mediana empresa contida no número 1 do artigo 2 do Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas e os criterios contables específicos para microempresas, sempre que non pertencen ao grupo económico da "entidade".

iii) Outras institucións financeiras, de acordo coa definición da norma sexaxésimo sexta da CBE 4/2004, sempre que non pertencen ao grupo económico da "entidade".

Entenderase por saldo operativo o importe dos depósitos á vista necesario para que o cliente poida levar a cabo as seguintes operacións:

Operacións de compensación, entendidas como aquelas que permiten ao cliente da entidade de crédito participante directa nun sistema de pagamentos ou nun sistema de compensación e liquidación de valores transferir fondos ou valores ao seu destinatario final.

Operacións de custodia de valores, incluíndo a realización por conta do cliente de todas aquelas xestións operativas e administrativas necesarias para que poida manter valores e realizar transaccións con eles.

Operacións de xestión de tesouraría, incluíndo operacións de xestión dos fluxos de efectivo do cliente, así como a realización das transaccións financeiras necesarias para a súa operativa habitual, xestión de cobramentos e pagamentos, pagamento de nóminas, control sobre o desembolso de fondos, pagamentos automatizados e transaccións que faciliten as operacións financeiras.

d) Débitos representados por valores negociables grosistas, onde se computarán as emisións de valores (incluídas as subordinadas) realizadas pola entidade, con exclusión de:

os valores en poder da propia "entidade";

os colocados á clientela retailista a través da rede comercial;

os valores asociados a activos titulizados, e

os valores en poder de entidades do grupo económico da "Entidade".

Para estes efectos, considéranse clientela retailista as sociedades non financeiras que non sexan grandes empresas segundo se definen na letra c.ii) anterior, os fogares e as institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares (cualificados como tales na norma

sexaxésimo sexta da CBE 4/2004); e enténdese por valores colocados a través da rede comercial os colocados nas oficinas ou a través da banca electrónica e telefónica.

e) Depósitos subordinados, salvo no caso de que o prestamista sexa unha entidade do mesmo grupo económico da "entidade".

Para os efectos desta norma, o concepto de grupo económico incluírá as entidades que formen parte do mesmo grupo de sociedades da "entidade", segundo se define no artigo 42 do Código de comercio, así como os investidores institucionais xestionados por algunha entidade do grupo.

3. Por activos líquidos dispoñibles entenderase a suma dos seguintes conceptos, sempre que non estean cualificados como activos dúbidosos:

a) Caixa e depósitos en bancos centrais, onde se computarán os saldos mantidos en efectivo e en contas abertas en bancos centrais netos do saldo que, como media diaria, debe manter para o cumprimento do coeficiente de reservas mínimas ao final de cada trimestre a que corresponden os datos.

b) Depósitos en entidades de crédito, onde se incluírán os depósitos mantidos en entidades de crédito, con excepción das adquisicións temporais de activos que sexan valores representativos de débeda ou instrumentos de capital computables como activos líquidos para os efectos desta norma, os depósitos prestados en garantía de operacións con derivados e as contas de liquidez ou de tesouraría cuxos titulares sexan fondos de titulización consolidados na entidade declarante e que estean depositados nunha terceira entidade.

c) Valores representativos de débeda líquidos, que incluírá o saldo correspondente á carteira dispoñible de tales valores contabilizados no activo do balance, sempre e cando se consideren líquidos. Serán activos líquidos, para estes efectos, os que contén con mercado activo conforme a definición establecida no punto 10 da norma décimo terceira da CBE 4/2004. A carteira dispoñible incluírá os valores propiedade da entidade, con independencia da carteira contable en que estean clasificados, ademais dos adquiridos temporalmente, e deduciranse os cedidos temporalmente, así como os prestados e entregados en garantía, sempre e cando a contraparte sexa distinta dun banco central.

d) Instrumentos de capital cotizados, que comprenderán os saldos correspondentes á carteira de tales valores cotizados en mercados organizados de países membros da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE), sempre que non estean cedidos temporalmente, prestados ou entregados en garantía. Este concepto incluírá, así mesmo, as adquisicións temporais deses instrumentos.

Da suma dos activos líquidos deduciranse as posicións curtas de valores.

4. Considerarase crédito á clientela todo o crédito, calquera que sexa a súa instrumentación, concedido a terceiros que non sexan bancos centrais nin entidades de crédito, con excepción das adquisicións temporais de activos que sexan valores representativos de débeda ou instrumentos de capital computables como activos líquidos para os efectos desta norma, e dos saldos dos créditos titulizados e non retidos pola propia entidade.

5. Para a determinación do coeficiente de financiamento grosista en cada declaración, segundo se dispón na norma segunda desta circular, utilizarase a media dos datos correspondentes aos peches do trimestre de referencia e do inmediatamente anterior.

Os importes que se deben computar en cada trimestre serán os valores contables dos respectivos activos e pasivos (é dicir, incluídos os axustes por valoración que lles correspondan), excepto para o importe do coeficiente de reservas mínimas, que se calculará segundo o disposto no punto 3.a) desta norma.

Norma segunda. *Información que se debe render.*

1. As entidades de crédito individuais e os grupos consolidables de entidades de crédito a que se refire o número 1 do artigo 1 do Real decreto lei 2/2011 antes citado estarán obrigados a presentar o estado que se inclúe como anexo á presente circular con

idéntica periodicidade e no mesmo prazo de remisión ao Banco de España que o estado RP10, «Recursos propios computables e cumprimento dos requirimentos de recursos propios», previsto na norma centésima vixésimo segunda da Circular 3/2008, do 22 de maio, ás entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos. No estado informárase dos importes do trimestre de referencia e do inmediatamente anterior.

2. O Banco de España, por solicitude da entidade obrigada, poderá eximir unha entidade individual ou grupo consolidable da presentación do estado mencionado no parágrafo anterior, sempre e cando se cumpran as dúas circunstancias seguintes:

1) Que non se dea a condición prevista na letra b) do número 2 do artigo 1 do Real decreto lei 2/2011.

2) Que o Banco de España lle solicitase á entidade a remisión de información periódica sobre a súa estrutura financeira, adaptada ás súas características específicas.

3. A Dirección Xeral de Regulación poderá emitir unha aplicación técnica para facilitar a formalización do estado mencionado no número 1 desta norma.

Disposición transitoria

As entidades individuais e os grupos consolidables que deben presentar o estado a que se refire a norma segunda desta circular remitirán, así mesmo, ese estado, con referencia á situación en 31 de decembro de 2010, non máis tarde do 31 de marzo de 2011.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 4 de marzo de 2011.–O gobernador do Banco de España, Miguel Ángel Fernández Ordóñez

ANEXO
ESTADO FM
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO GROSISTA

A	FINANCIAMENTO GROSISTA COMPUTABLE (1 + 2 + 3 + 4 + 5 + 6 + 7)	Saldo ao final do trimestre anterior	Saldo ao final do trimestre de referencia
1	Depósitos de bancos centrais		
2	Depósitos de entidades de crédito computables		
2.1	+ Depósitos de entidades de crédito		
2.2	- Fondos recibidos para créditos de mediación		
2.3	- Cesión temporal de activos		
2.4	- Depósitos recibidos en garantía de derivados		
2.5	- Depósitos de entidades do grupo económico		
3	Depósitos grosistas computables		
3.1	+ Administracións públicas		
3.2	+ Grandes empresas alleas ao grupo económico		
3.3	+ Outras institucións financeiras alleas ao grupo económico		
3.3.1	+ Cédulas hipotecarias		
3.3.2	+ Cédulas territoriais		
3.3.3	+ Bonos de tesouraría		
3.3.4	+ Resto de depósitos		
3.4	- Depósitos á vista con natureza de saldo operativo		
3.5	- Depósitos asociados a activos titulizados		
3.6	- Fondos recibidos para créditos de mediación		
3.7	- Cesión temporal de activos		
4	Obrigas de pagamento e efectos computables		
4.1	+ Obrigas de pagamento e efectos		
4.2	- Colocados a clientela retallista a través da rede comercial		
4.3	- En poder de entidades do grupo económico		
5	Títulos hipotecarios computables		
5.1	+ Títulos hipotecarios		
5.2	- Valores asociados a activos titulizados		
5.3	- Colocados a clientela retallista a través da rede comercial		
5.4	- En poder de entidades do grupo económico		
6	Outros valores emitidos computables		
6.1	+ Outros valores emitidos		
6.2	- Valores asociados a activos titulizados		
6.3	- Colocados a clientela retallista a través da rede comercial		
6.4	- En poder de entidades do grupo económico		
7	Pasivos subordinados computables		
7.1	+ Pasivos subordinados		
7.2	- Colocados a clientela retallista a través da rede comercial		
7.3	- En poder de entidades do grupo económico		

		Saldo ao final do trimestre anterior	Saldo ao final do trimestre de referencia
B	ACTIVOS LÍQUIDOS COMPUTABLES (8 + 9 + 10 + 11 + 12)		
8	Caixa e depósitos en bancos centrais computables		
8.1	+ Caixa e depósitos en bancos centrais		
8.2	- Reservas mínimas que se deben manter (media diaria)		
9	Depósitos en entidades de crédito computables		
9.1	+ Depósitos en entidades de crédito		
9.2	- Adquisición temporal de activos		
9.3	- Depósitos prestados en garantía de derivados		
9.4	- Contas de liquidez dos fondos de titulización propios		
10	Valores representativos de débeda computables		
10.1	+ De Administracións públicas e bancos centrais		
10.2	+ De entidades de crédito e outros sectores privados		
10.3	+ Adquisición temporal de activos		
10.3.1	+ Entidades de crédito		
10.3.2	+ Administracións públicas		
10.3.3	+ Entidades de contrapartida central		
10.3.4	+ Outros sectores privados		
10.4	- Cesión temporal de activos		
10.4.1	- Entidades de crédito		
10.4.2	- Administracións públicas		
10.4.3	- Entidades de contrapartida central		
10.4.4	- Outros sectores privados		
10.5	- Valores líquidos prestados ou entregados en garantía		
10.6	- Valores non líquidos		
11	Instrumentos de capital computables		
11.1	+ Instrumentos de capital		
11.2	+ Adquisición temporal de activos		
11.3	- Cesión temporal de activos		
11.4	- Valores cotizados prestados ou entregados en garantía		
11.5	- Valores non cotizados		
12	Menos: Posicións curtas de valores		
C	CRÉDITO Á CLIENTELA COMPUTABLE (13 + 14 + 15)		
13	+ Crédito á clientela		
14	- Pasivos asociados a activos titulizados		
15	- Adquisición temporal de activos		
D	COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO GROSISTA (A - B) / C (en %)		
			Coeficiente